

## Micromitos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Micromitos 063: O Rabeno*

Deste ser xa faláron case coas mesmas palabras e coas mesmas dúbidas sobre a orixe do nome L. Carré Alvarellos, E. Rodríguez e V. Risco. Rabeno díselles a que non ten rabo ou, se o tivo, teno rabenado. Mais, de que rabo falamos!

No *Dicionario dos seres míticos* dícese que O Rabeno é de cor amarela, con figura de home alto, esbrancuxado, que viste traxe claro e gorra de viseira. Anda polos camiños e nos espazos fragosos. Trataríase dun sátiro, sen a parte caprina, libidinoso e violador de mulleres. Por tanto, parente de homes salvaxes como o Basajaum vasco, o Busgoso asturiano, e os nosos Meco e Home das Bubas.

Do Rabeno dícese que contaxia a lepra e que o mito se pode apoiar na crenza de que as enfermidades venéreas como a sífilis se poden curar tendo relacións sexuais cunha muller virxe. Nese caso, sentenza Risco ‘pudera haber rabenos de certo’.

E. Pardo Bazán escribiu e publicou en 1912 un breve conto, titulado precisamente ‘Rabeno’, no que nos describe o linchamento dun mozo confundido con este personaxe, un forasteiro acusado de intentar violar a filla do taberneiro.

**Serie:** *Micromitos* **Publicación:** *Nós Diario*, 26 de novembro de 2020.